

REAL
MOSTEIRO
DE OIA

MEMORIA DE
SOSTIBILIDADE
2019

Facendo historia dende o S.XII

ÍNDICE

O MOSTEIRO DE OIA	3
¿POR QUÉ UNHA MEMORIA DE SOSTIBILIDADE?.....	4
1. INTRODUCCIÓN. EVOLUCIÓN DENCE A ADQUISICIÓN	5
2. SOSTIBILIDADE ECONÓMICA.	9
2.1 O proxecto	9
2.2. Visitas e eventos de valorización	13
3. SOSTIBILIDADE SOCIAL	16
4. SOSTIBILIDADE CULTURAL.....	20
4.1 Eventos	23
4.2 Exposición Permanente	25
5. SOSTIBILIDADE MEDIOAMBIENTAL.....	27
6. RESULTADOS E CONCLUSIÓN	28

O MOSTEIRO DE OIA

O Real Mosteiro de Santa María de Oia é un mosteiro fundado no século XII pertencente á Orde do Císter, sendo o único de Europa da Orde á beira do Océano Atlántico.

Dende a “Desamortización de Mendizábal” en 1836, o Mosteiro a excepción da igrexa, pertenceu a mans privadas sendo o actual propietario o grupo de empresas Vasco Galega.

Tras máis de 880 anos de historia pechado ao público, a actual propiedade organiza visitas guiadas e desenvolve diferentes proxectos culturais namentres trata os permisos e trámites para rehabilitar o cenobio.



¿POR QUÉ UNHA MEMORIA DE SOSTIBILIDADE?

Porque a sostibilidade é o eixo do Mosteiro. De asegurar a sostibilidade económica, social, cultural e medioambiental depende o éxito da rehabilitación e posta en valor do mesmo.

É por elo, polo que a estrutura da memoria segue os seguintes pasos:

1. Introducción. Evolución dende a adquisición
2. Sostibilidade Económica
3. Sostibilidade Social
4. Sostibilidade Cultural
5. Sostibilidade Medioambiental
6. Resultados e conclusións

1. INTRODUCCIÓN. EVOLUCIÓN DENCE A ADQUISICIÓN

Breve historia

A pegada do Mosteiro de Santa María de Oia determinou en grande medida o desenvolvemento do actual Concello de Oia e a súa contorna, pero é moi importante ter en conta a intensa actividade do home dende moito tempo atrás.

A alta densidade de petróglifos vertebrados ao longo da Serra da Groba, os innumerables castros, as salinas e as minas de ouro de época romana, e lendas como a da figueira do “castelo onde está o mosteiro” son testemuñas dunha pequena historia do home neste recuncho do suroeste de Galicia.



A figueira do Mosteiro de Oia

A fundación do mosteiro no ano 1145 xuntándose tres pequenas comunidades de eremitas, fixo confluír unha serie de doazóns e privilexios que significaron terras e exencións, pero tamén fitos dunha relevancia que chega aos nosos días. Un destes fitos xurdiu do privilexio dado polo rei Alfonso IX en 1201, permitindo aos monxes a cría de cabalos no monte, dando lugar ou polo menos formalizando o que hoxe en día coñecemos como “curros” ou “rapa das bestas”.

Este evento tan singular e con tanto arraigamento aínda ten lugar en Oia nos curros de Mougás, Torroña e A Valga.

Grazas a actividade monástica, desenvolveuse fortemente a agricultura, e especialmente o cultivo do viño. Este cultivo viviu un forte crecemento non só no actual O Rosal senón tamén na franxa miñota portuguesa entre Caminha e Valença do Minho dado que os territorios do mosteiro chegaban ao norte de Portugal e incluso a Estremadura portuguesa e ao centro da propia capital, Lisboa.



“O mosteiro de Oia e a granxa da Silva no contexto das relações luso-castelhanas dos séculos XIV-XV”
1985, José Marqués

A función de hospital que tivo foi consecuencia de dúas singularidades extremadamente importantes. Por unha banda, o cenobio practicamente sempre foi unha praza de armas por exixencias reais por dúas realidades: por ser punto de costa e portíño e polo tanto entrada dos ataques por mar ao Reino, e por ser pouco despois da súa fundación punto de poder próximo a fronteira con Portugal. O hospital reforzaba o seu rol non só por ser praza de

armas, senón por ser Camiño Portugués pola Costa, tamén chamado Camiño Monacal por este centro monástico.

Os anos de esplendor combináronse ciclicamente con anos de ruína. Desafortunadamente, o espolio do mosteiro non é algo novo e puntual, senón vello e regular na súa historia. Ós ataques máis relevantes sucedéronse nos tempos de Napoleón, no Trienio Liberal, na II República, na Guerra Civil Española e en diferentes momentos posteriormente. Foi habitual o levantamento de pedras e materiais do mosteiro por parte da veciñanza, para a mellora das súas casas ou novas construcións.


De feito a actual propiedade fixo e está facendo esforzos por recuperar pedras labradas senlleiras, coma diferentes pináculos e remates así como a lápida dun abade sita no lintel dun cortello abandonado no Arrabal. O sepulcro pétreo feito dunha peza e situado no corazón do mosteiro está a súa espera.



Intervencións

En novembro de 2004, a actual propiedade adquiriu o cenobio. O estado estaba próximo ao colapso, con parte dos tellados afundidos e muros a piques de vencer tras décadas sen apenas actuacións.

Do 2005 ao 2019 as intervencións foron regulares, actuando sobre tellados, muros, interiores e vexetación.



2004

Novembro. Vasco Gallega adquire o mosteiro por 2,4 millóns de €




2004

Vascogallega adquire o mosteiro nun estado de urxente necesidade de reparación e mantemento



2005-2006

Acométense os primeiros traballos de desescombro, reposición de cubertas caídas e apuntalamiento de fachadas.



2009

Segunda intervención nas cubertas



2010

Reposición da parede perimetral



2016

Traballos de reposición para o tellado e muro cara ao sur



2017

Muro de contención que enfronta o mar



2018

Retirada da cuberta do Ala Norte colapsada



2019

Unha nova etapa. Reapertutra das visitas guiadas. Novos traballos de mantemento.

Ao mesmo tempo, negociouse en paralelo co Concello de Oia un marco urbanístico que permitira a rehabilitación co fin de adicar o monumento a un uso hoteleiro logrando así a súa sostibilidade económica dentro dunha escala respecto ao urbanismo, ao patrimonio e a contorna.

Tras quince anos de negociacións e atrancos, dende finais do ano 2019 o a actual propiedade e o Concello de Oia están a traballar xuntos polo marco urbanístico axeitado que permita por fin e trala súa tramitación, a rehabilitación tan buscada por todos cumprindo as máximas garantías en todos os ámbitos.

2. SOSTIBILIDADE ECONÓMICA.

2.1 O proxecto

Dende novembro de 2004 ata decembro de 2019, a actual propiedade do Mosteiro mobilizou máis de 4,8 millóns de euros. Nese período e ata os nosos días, o esforzo económico foi estritamente privado non existindo apoio público ningún.

O investimento total para rehabilitar a construción actual ascende aos 11 millóns de euros, pero unicamente conseguiríanse 38 habitacións, un número que non permite asegurar a sostibilidade e o retorno do investimento.

É por elo, polo que estase a traballar no proxecto dun hotel de 72 habitacións e 20 vilas asociadas. Este proxecto, si aseguraría a viabilidade e o retorno do investido aínda que supoña un orzamento maior.



Infografía do proxecto proposto

O maior investimento da historia de Oia, recuperará o principal patrimonio do municipio e un dos máis importantes do Baixo Miño. Así mesmo, axudará a ordenar urbanísticamente un área clave e será un gran xerador de emprego durante a construción e posteriormente durante a súa vida como hotel singular.

A cuestión urbanística é especialmente importante dada a situación do Concello de Oia neste eido. O ordenamento urbanístico busca dimensionar rúas e servizos, e non asumir construcións fora da lei ou infraestruturas non dimensionadas.

SOSTIBILIDADE, RESPECTO E RENTABILIDADE

- 1 Corredor verde ao longo do río da Lavandeira, de uso público e vertebrador da contorna. Facilita a visión do mosteiro.
- 2 Peche do patio dos Laranxos coma estaba previsto polos monxes, para acadar 72 habitacións.
- 3 Edificacións no perímetro norte dos 57.000 m2 de propiedade, xunto as vivendas existentes na actualidade, con autorización preliminar da Administración autonómica.



Este proxecto, xira arredor do concepto de escala. É dicir, non destacará polo excesivo volume das construcións, o número de habitacións ou por un deseño sen relación ca súa contorna.

O tratamento da escala a través de conceptos coma o Índice de Saturación de Turismo (IST)¹ está a ser considerado tanto na dinamización cultural actual como futura, coma no propio proxecto.

¹ Refírese ao produto da proporción entre o número anual de turistas e a poboación de residentes e entre os ingresos do turismo e o produto doméstico bruto.

Referencia de habitacións en hoteis e vivendas en urbanizacións no contorno do Mosteiro:



Un proxecto complicado, cas máximas garantías


Todo proxecto de urbanización ten que respectar unhas regras definidas por diferentes administracións, neste caso tales como Concello de Oia, Patrimonio, Costas, Augas de Galicia e Consellería de Medio ambiente. Ás regras urbanísticas habituais engádense, no caso do Mosteiro de Oia, outras moitas normativas e institucións ben pola falta dun Plan Xeral de Ordenación Urbana no municipio de Oia, coma por outros factores.

O cumprimento das diferentes exixencias de cada entidade, fai complexo e longo no tempo, acordar e avanzar na aprobación do proxecto necesario. Á complicación burocrática, engádense os criterios e cambios políticos determinados por cada elección municipal, autonómica e en menor medida estatal.

A carencia do citado Plan Xeral no Concello de Oia fai prioritario traballar en colaboración coa entidade local nun documento urbanístico que permita ordenar o ámbito no que se sitúa o Mosteiro e adaptalo a mais recente normativa.

Este documento é a “Modificación Puntual con ordenación detallada das normas subsidiarias do planeamento municipal do Concello de Oia” o cal ten un longo percorrido condicionado polas diferentes e

necesarias aprobacións tanto dos diferentes organismos autonómicos como do local.



Pasos da tramitación da Modificación Puntual

En troques da dificultade do proceso burocrático artificialmente lento e complexo, o mesmo asegura que o proxecto e a súa execución cumprirá estritamente toda lei e normativa urbanística, patrimonial e medioambiental.

2.2. Visitas e eventos de valorización

Dende o 2005, a actual propiedade fixo diferentes actuacións culturais, destacando visitas, estudos e a celebración de diversas efemérides.

En todo caso, o 2019 supuxo un fito para o Mosteiro: por primeira vez na súa historia o monumento ábrese ao público de xeito planificado e sistemático.

Dende entón, o Mosteiro pode ser visitado xunto con guías especializados en tres idiomas: galego, castelán e inglés con apoio gráfico. Tamén pode ser visitado acompañado sen guía, un día á semana de forma gratuíta.



A apertura dun edificio en vías de restauración non deixou de supor un desafío. O mantemento anual e a mellora experimentada polo Mosteiro durante os derradeiros 14 anos non ocultan, sen embargo, a realidade dun edificio conservado e non restaurado, polo que a visita o mesmo percorre un itinerario previa e necesariamente consensuado cos técnicos e referendado por unha empresa de

prevención de riscos seguindo a normativa relativa a seguridade e saúde.



Equipo humano de prevención de riscos

Esta nova actividade trouxo como consecuencia a necesidade de contratar persoal, sendo a incorporación da poboación local o noso principal obxectivo como medio de estimular economicamente a contorna do Mosteiro.

Moitas das mais de 10.000 persoas que visitaron e asistiron a eventos no mosteiro entre os meses de abril e novembro do ano 2019 fixeron ademais, uso dos diferentes negocios do municipio especialmente de restauración pero non unicamente, permitindo unha estimulación económica moi demandada polos axentes locais.

A apertura do mosteiro ao público baséase en valores vencellados á promoción da educación e o coñecemento, o respecto ao patrimonio e a conservación do mesmo, o medio ambiente, a familia e a sostibilidade a tódolos niveis.

3. SOSTIBILIDADE SOCIAL

O mosteiro é un edificio fortemente vencellado a súa contorna. Situado no mesmo centro do pobo que medrou ao seu abeiro, e aínda que sempre tivo a condición de propiedade privada dende a súa fundación polos monxes, tanto o edificio como os seus diferentes moradores ao longo da historia están moi enraizados na memoria popular, formando parte do sentir da veciñanza.

Posto que o Mosteiro foi nomeado Ben de Interese Cultural do ano 1931 ten a máxima protección legal no eido do patrimonio cultural no noso país.

En todos os seus máis de 880 anos de historia, o Mosteiro nunca foi un edificio aberto ao público, porén, dende o ano 2005 estanse a efectuar diferentes accións que procuran achegar o Mosteiro e a súa historia aos veciños e a toda xente interesada en coñecer todo o visible e non visible que este patrimonio de todos pode ofrecer.

Co fin de desenvolver esta liña, no pasado recente e no presente estase a traballar nos seguintes aspectos:

- Proxecto á escala da contorna
- Mobilización de investimento e gastos de proximidade
- Involucración dos veciños de Oia
- Xornadas de portas abertas e difusión do proxecto
- Dinamización cultural
- Colaboración con empresas da zona como xeito de fomentar o uso de negocios locais.

Algúns dos eventos eventos dirixidos á poboación local:

Os vecinos de Oia foron os primeiros en asistir as visitas guiadas, e coñecer os novos plans de apertura e contidos de interese.

13 de abril, 2019



REAL MOSTEIRO DE OIA

XORNADA DE PORTAS ABERTAS PARA OS VECIÑOS DE OIA

Queremos compartir cos veciños de Oia a reapertura do Real Mosteiro, un proxecto que evoluciona e continuamos a dinamizar! Para elo convidámonos a visitar o Mosteiro (gratúa reserva).

CANDO Sábado 13 de abril 2019 nos seguintes horarios: 11:00h, 12:00h, 16:00h e 17:00h

ONDE Real Mosteiro de Oia, adro da igrexa

RESERVAS
Places limitadas ata agotar aforoamento.
Reserva a túa praza nas oficinas de Turismo de Oia: Plaza Centralda, s/n 9104

13 de novembro, 2019



REAL MOSTEIRO DE OIA

XORNADA DE PORTAS ABERTAS PARA OS VECIÑOS DE OIA

Sábado **16**
Novembro
16:00h, 16:45h e 17:30h

OS PRESOS DO MOSTEIRO
'Memorias da Guerra Civil Española'

Gustaríamos convidar aos veciños de Oia á inauguración da exposición: 'OS PRESOS DO MOSTEIRO - Memorias da Guerra Civil Española'.
Despois dun elaborado traballo de investigación, documentación, extracción e restauración dos grafitos, chegou o momento de compartilo co veciños.
Unha exposición que non che deixará indiferente!

RESERVAS Escríbenos un email a info@mosteirodeoia.com indicando preferencia de hora: 16:00h, 16:45h ou 17:30h, nome completo e apelidos. Places limitadas ata agotar aforoamento. Visita gratuíta acollendo que os veciños de Oia.

ONDE Rúa do Páreco Ivan Camilo Rodal Pascho, 5. 9694 - Oia, Pontevedra
(Acceso principal polo adro da igrexa)

CANDO Sábado 16 de Novembro. Quenda: 16:00h, 16:45h ou 17:30h

Eventos en colaboración coa poboación local, o Mosteiro como parte do escenario:

“6x6 punto de encontro o arrabal, historias non escritas”

2 de xuño, 2019



Grupo teatro local de Oia

Fomento das actividades en familia:

20 de abril, 2019



Tanto as visitas como os eventos de valorización están pensados para desfrutar en familia, ofrecendo descontos e prezos reducidos para nenos.

Neno participando na efeméride pirata do 20 de abril

Inclusión social:

Visita dun grupo de peregrinos invidentes

29 de mayo, 2019



Dende o Mosteiro promovemos a participación de persoas con diversidade funcional. Existindo sempre para eles condicións económicas especiais.

Colaboración coa adega Quinta Couselo:

A antiga granxa do Mosteiro chamada A Cheira, hoxe Quinta Couselo, no veciño Concello do Rosal, adicouse, dende os tempos dos monxes, o cultivo da vide. Actualmente constitúe unha adega de recoñecido prestixio dentro da denominación de orixe Rias Baixas.



Para fomentar o consumo dos produtos locais e colaborar na súa promoción as dúas entidades manteñen lazos de colaboración que se materializaron no patrocinio que fixo a adega do ciclo Solpor no Mosteiro.

Dende o punto de vista da sostibilidade social, os desafíos a afrontar no futuro inmediato son:

- A xestión de ideas, informacións e aportacións de tanta xente interesada por facer medrar este proxecto de forte arraigamento cultural.

- Traballar con especial atención cos colectivos escolares, maiores, e con persoas con algún tipo de carencia funcional.

4. SOSTIBILIDADE CULTURAL

Toda actividade que se desenvolva no eido do Mosteiro de Santa María de Oia ten que poder entenderse dentro da súa historia e cultura, a través do rigor, a creatividade e o futuro. Dende a adquisición do Mosteiro pola actual propiedade, non se deixaron de levar adiante actividades culturais, destacando as seguintes:

2005 Aperturas ao público tras máis de 800 anos de historia
2005 Promoción do Camiño Portugués pola Costa
2006 Celebración 75º aniversario BIC (Ben de Interese Cultural)
2010 Adhesión á Carta Europea do Císter
2012 Rede Española de Itinerarios Culturais.
 Representantes en España da Ruta do Císter
2015 Membros fundadores ACIGAL
 (Asociación de Mosteiros do Císter de Galicia)
2019 Visitas Guiadas, Concertos, Conversas...



O Mosteiro de Oia é un dos principais referentes patrimoniais da comarca que, porén, careceu durante décadas de calquera tipo de apertura ao público e actividade cultural.

Os contactos coa Dirección Xeral de Patrimonio e os traballos de mantemento levados a cabo dende o 2004 permitiron poder cumprir coa Lei de Patrimonio Cultural e levar adiante visitas guiadas para o público xeral.

Nestas visitas, realizadas por guías oficialmente habilitados pola Xunta de Galicia, o relato coidouse especialmente co obxectivo de dar a coñecer dun xeito didáctico a apaixonante historia de máis de 880 anos do Mosteiro e para por en coñecemento do público a realidade actual do Mosteiro e o seu futuro.



Toda iniciativa cultural pensamos que ten que ter unha coherencia ca historia e o lugar. Toda iniciativa levada a cabo procura a complementariedade e non a competencia con outro tipo de actividades da contorna. Búscase romper a estacionalidade, cunha forte aposta de dinamización de nove meses ao ano.

4.1 Eventos

A dinamización cultural do Mosteiro foi constante entre os meses de abril e decembro.

PRIMAVERA NO MOSTEIRO

20 de abril, 2019



Celebramos o 395 aniversario da batalla na que os Monxes de Oia afundiron un dos barcos piratas que atacaron o Mosteiro

Fixemos o noso propio homenaxe a Antón Fraguas, dando a coñecer as máis apaixonantes historias e lendas que aconteceron en Oia ca axuda dos veciños. O evento foi amenizado con música en directo por Su Garrido.

20 de abril, 2019

Celebra o día das letras galegas no Mosteiro

Faremos unha HOMENAXE A ANTÓN FRAGUAS; dando a coñecer de primeira man as máis apaixonantes HISTORIAS E LENDAS que aconteceron en Oia.

CANDO Venres 17 de Maio as 18:30 h

ONDE Real Mosteiro de Oia, adro da igrexa

RESERVAS

Reserva a túa praza na Oficina de Turismo de Oia ou escribindo un email a info@mosteirodeoia.com (Indicando nome, apelidos e teléfono).
Prazas limitadas ata esgotar aforo.

Nun ambiente máxico de choiva disfrutaremos de historias e lendas, veremos un libro orixinal do Mosteiro do 1789 e disfrutaremos dunha participación moi especial, Su Garrido Pombo "Premio da Música Martín Codax 2019"

REAL
MOSTEIRO
DE OIA

www.mosteirodeoia.com
info@mosteirodeoia.com

VERÁN NO MOSTEIRO

Un ciclo de conversas e un ciclo de música que conviviron no tempo para amenizar a axenda cultural da comarca. Eventos coidadosamente deseñados para ofrecer experiencia

CONVERSAS NO MOSTEIRO
VISITA • CONVERSA

Fran Zabaleta
13 julio 19:30h
sábado

Miguel Sobrino
10 agosto 19:30h
sábado

F. Javier Goberna
14 septiembre
sábado 19:30h

Venta de tickets: mosteirodeoia.com - 5€ persona - Aforo limitado

Un ciclo composto por tres eventos co obxectivo de recuperar e compartir a historia do Mosteiro con tres expertos en diferentes materias de interese.

SOLPOR NO MOSTEIRO
Ven a disfrutar de una puesta de Sol única en el Mosteiro
VISITA • CONCIERTO • COPA DE VINO

Su Garrido Pombo
sábado 29 julio 20:00h

Two in the Mirror
sábado 27 julio 20:00h

Rivergood
sábado 31 agosto 20:00h

Venta de tickets: mosteirodeoia.com - 12€ persona - Aforo limitado

Un ciclo de música coidadosamente seleccionada para o desfrute dos maravillosos solpores no Mosteiro. Tres artistas invitados os derradeiros sábados de xuño, xullo e agosto. Una aforo limitado e un enclave único.

SETEMBRO NO MOSTEIRO
Ven a disfrutar de una puesta de Sol única en el Mosteiro
VISITA • CONCIERTO • COPA DE VINO

Rebeca Rods
sábado 28 septiembre 18:00h

Venta de tickets: mosteirodeoia.com - 12€ persona - Aforo limitado

En base ao éxito alcanzado, e por petición dos asistentes aos solpores, promóvese dende o Mosteiro un novo Solpor extra.

Esta vez os asistentes poideron disfrutar da música Gospel da man de Rebeca Rods e o coro Red Vox Gospel Choir.

OUTONO NO MOSTEIRO

Baixo a idea de manter a oferta de experiencias no Mosteiro e continuar atraendo xente ó concello, impúlsase o ciclo de actividades de outono.

OUTONO NO MOSTEIRO
Ven a disfrutar de esta estación no Mosteiro

Ven a vivir o cine como nunca antes o fixeras!
12 outubro
9 novembro
7 decembro
17:30 | 8€

Disfruta preparando as túas propias cremas hidratantes, bálsamo labial ou auga de colonia
26 outubro
30 novembro
14 decembro
10:00 a 13:30h
adultos 7€ adultos 15€

¿Quieres aprender a arte da esgrima?
curso 2 días
13:20 outubro
3:10 novembro
10:00 a 12:00h
2 días 10€ persona

Venta de tickets: mosteirodeoia.com
Aforo limitado

MUSICALIZACIÓN EN DIRECTO DO CINE MUDO

Divertidas películas coma As aventuras do Príncipe Achmed, A pantasma da ópera con Beatriz Arenas – soprano internacional– ou O moderno Sherlock Holmes foron proxectadas nun ambiente único e da man dos increíbles CASPERVEK

OBRAIDOIROS MEDIAMBIENTAIS

En colaboración con FAIA – Educación ambiental– fixemos increíbles obradoiros de cosmética para elaboración de ungüentos, perfumes, barra de beizos, ou elaboración de augas florais, partir de plantas e herbas da contorna do Mosteiro.

CURSOS DE ESGRIMA ANTIGA

Coa colaboración da Sala Viguesa de Esgrima antiga (SVEA), vivimos momentos únicos, recordando como os monxes se defendían de los piratas!

Ademais, durante a época estival colaboramos con diferentes iniciativas culturais e deportivas:



4.2Exposición Permanente

“OS PRESOS DO MOSTEIRO. MEMORIAS DA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA”

Durante a Guerra Civil española o Mosteiro transformouse en Campo de Concentración do bando sublevado. Esta fase da historia do edificio deixou pegadas en forma de grafitos e escritos nas paredes de algunhas estancias do piso superior.

Estes escritos estábanse a perder debido ao colapso dos tellados antes do 2004 e as altísimas condicións de humidade que soportaban, polo que decidiuse intervir nas cubertas no 2005, fotografar, filmar, estudar, e finalmente no 2019 extraer e restaurar os escritos de acordo cun proxecto presentado e aprobado pola Dirección Xeral de Patrimonio.

Los "guernicas" del monasterio de Oia entran en el taller antes de mostrarse al mundo

La restauradora Celia Casás recupera en Nigrán las pintadas murales de los presos del campo de concentración de la guerra civil y la propiedad espera exponerlos en noviembre

NEIL PELÁEZ / V. L. L.

Ha sido trabajo de más de un año, pero la restauradora Celia Casás ha conseguido que las pintadas murales de los presos del campo de concentración de la guerra civil que se encuentran en el monasterio de Oia estén listas para ser expuestas. La restauradora ha trabajado en la limpieza y conservación de las pintadas murales de los presos del campo de concentración de la guerra civil que se encuentran en el monasterio de Oia. Las pintadas murales de los presos del campo de concentración de la guerra civil que se encuentran en el monasterio de Oia están listas para ser expuestas. La restauradora ha trabajado en la limpieza y conservación de las pintadas murales de los presos del campo de concentración de la guerra civil que se encuentran en el monasterio de Oia.



Celia Casás trabaja en la restauración de uno de los grabados en su taller de Nigrán. V. L. L.

El trabajo de restauración de las pintadas murales de los presos del campo de concentración de la guerra civil que se encuentran en el monasterio de Oia ha sido un proceso largo y complejo. La restauradora ha trabajado en la limpieza y conservación de las pintadas murales de los presos del campo de concentración de la guerra civil que se encuentran en el monasterio de Oia. Las pintadas murales de los presos del campo de concentración de la guerra civil que se encuentran en el monasterio de Oia están listas para ser expuestas. La restauradora ha trabajado en la limpieza y conservación de las pintadas murales de los presos del campo de concentración de la guerra civil que se encuentran en el monasterio de Oia.



Un grabado de los presos del campo de concentración de la guerra civil que se encuentra en el monasterio de Oia. V. L. L.

El primer paso ha consistido en limpiar y conservar las pintadas murales de los presos del campo de concentración de la guerra civil que se encuentran en el monasterio de Oia. La restauradora ha trabajado en la limpieza y conservación de las pintadas murales de los presos del campo de concentración de la guerra civil que se encuentran en el monasterio de Oia.

Tras llevar los trabajos de restauración a su fin, la restauradora Celia Casás ha conseguido que las pintadas murales de los presos del campo de concentración de la guerra civil que se encuentran en el monasterio de Oia estén listas para ser expuestas. La restauradora ha trabajado en la limpieza y conservación de las pintadas murales de los presos del campo de concentración de la guerra civil que se encuentran en el monasterio de Oia.

El último paso antes de colocar los grabados en las paredes es la conservación del material para su exposición en el museo de la guerra civil que se encuentra en el monasterio de Oia. La restauradora ha trabajado en la limpieza y conservación de las pintadas murales de los presos del campo de concentración de la guerra civil que se encuentran en el monasterio de Oia.

Xunta y Concello acuerdan abrir el centro de salud de Gondomar en octubre

La Xunta de Galicia y el Concello de Gondomar han acordado abrir el centro de salud de Gondomar en octubre.

NEIL PELÁEZ / V. L. L.

La Xunta de Galicia y el Concello de Gondomar han acordado abrir el centro de salud de Gondomar en octubre. La Xunta de Galicia y el Concello de Gondomar han acordado abrir el centro de salud de Gondomar en octubre. La Xunta de Galicia y el Concello de Gondomar han acordado abrir el centro de salud de Gondomar en octubre.

La Xunta de Galicia y el Concello de Gondomar han acordado abrir el centro de salud de Gondomar en octubre. La Xunta de Galicia y el Concello de Gondomar han acordado abrir el centro de salud de Gondomar en octubre. La Xunta de Galicia y el Concello de Gondomar han acordado abrir el centro de salud de Gondomar en octubre.

La Habitación Roja y Los Funsetes desfilan los festivales gallegos en Baiona

BAIONA / GALICIA

La Habitación Roja y Los Funsetes desfilan los festivales gallegos en Baiona. La Habitación Roja y Los Funsetes desfilan los festivales gallegos en Baiona. La Habitación Roja y Los Funsetes desfilan los festivales gallegos en Baiona.

La Habitación Roja y Los Funsetes desfilan los festivales gallegos en Baiona. La Habitación Roja y Los Funsetes desfilan los festivales gallegos en Baiona. La Habitación Roja y Los Funsetes desfilan los festivales gallegos en Baiona.

Los "guernicas" de Oia salen a la luz

La apertura de la exposición de los grabados de los presos del campo de concentración que ocupó el monasterio en la guerra civil convierte a la localidad en capital gallega de la memoria histórica

NEIL PELÁEZ / V. L. L.

Los grabados de los presos del campo de concentración que ocupó el monasterio de Oia están listas para ser expuestas. La restauradora ha trabajado en la limpieza y conservación de los grabados de los presos del campo de concentración de la guerra civil que se encuentran en el monasterio de Oia. Los grabados de los presos del campo de concentración que ocupó el monasterio de Oia están listas para ser expuestas. La restauradora ha trabajado en la limpieza y conservación de los grabados de los presos del campo de concentración de la guerra civil que se encuentran en el monasterio de Oia.



Un grabado de los presos del campo de concentración de la guerra civil que se encuentra en el monasterio de Oia. V. L. L.

La apertura de la exposición de los grabados de los presos del campo de concentración que ocupó el monasterio de Oia convierte a la localidad en capital gallega de la memoria histórica. La apertura de la exposición de los grabados de los presos del campo de concentración que ocupó el monasterio de Oia convierte a la localidad en capital gallega de la memoria histórica. La apertura de la exposición de los grabados de los presos del campo de concentración que ocupó el monasterio de Oia convierte a la localidad en capital gallega de la memoria histórica.

La apertura de la exposición de los grabados de los presos del campo de concentración que ocupó el monasterio de Oia convierte a la localidad en capital gallega de la memoria histórica. La apertura de la exposición de los grabados de los presos del campo de concentración que ocupó el monasterio de Oia convierte a la localidad en capital gallega de la memoria histórica. La apertura de la exposición de los grabados de los presos del campo de concentración que ocupó el monasterio de Oia convierte a la localidad en capital gallega de la memoria histórica.

La apertura de la exposición de los grabados de los presos del campo de concentración que ocupó el monasterio de Oia convierte a la localidad en capital gallega de la memoria histórica. La apertura de la exposición de los grabados de los presos del campo de concentración que ocupó el monasterio de Oia convierte a la localidad en capital gallega de la memoria histórica. La apertura de la exposición de los grabados de los presos del campo de concentración que ocupó el monasterio de Oia convierte a la localidad en capital gallega de la memoria histórica.

La apertura de la exposición de los grabados de los presos del campo de concentración que ocupó el monasterio de Oia convierte a la localidad en capital gallega de la memoria histórica. La apertura de la exposición de los grabados de los presos del campo de concentración que ocupó el monasterio de Oia convierte a la localidad en capital gallega de la memoria histórica. La apertura de la exposición de los grabados de los presos del campo de concentración que ocupó el monasterio de Oia convierte a la localidad en capital gallega de la memoria histórica.

Nigrán ofrece hoy una fiesta familiar de otoño con cuentos y talleres

El Ayuntamiento de Nigrán ofrece hoy una fiesta familiar de otoño con cuentos y talleres.

NEIL PELÁEZ / V. L. L.

El Ayuntamiento de Nigrán ofrece hoy una fiesta familiar de otoño con cuentos y talleres. El Ayuntamiento de Nigrán ofrece hoy una fiesta familiar de otoño con cuentos y talleres. El Ayuntamiento de Nigrán ofrece hoy una fiesta familiar de otoño con cuentos y talleres.

El Ayuntamiento de Nigrán ofrece hoy una fiesta familiar de otoño con cuentos y talleres. El Ayuntamiento de Nigrán ofrece hoy una fiesta familiar de otoño con cuentos y talleres. El Ayuntamiento de Nigrán ofrece hoy una fiesta familiar de otoño con cuentos y talleres.


Baiona y Gondomar se llenan de negro contra la violencia machista

BAIONA / GALICIA

Baiona y Gondomar se llenan de negro contra la violencia machista. Baiona y Gondomar se llenan de negro contra la violencia machista. Baiona y Gondomar se llenan de negro contra la violencia machista.

Baiona y Gondomar se llenan de negro contra la violencia machista. Baiona y Gondomar se llenan de negro contra la violencia machista. Baiona y Gondomar se llenan de negro contra la violencia machista.

Este material conforma a primeira exposición permanente do Mosteiro de Oia, inaugurándose o 16 de Novembro de 2019.



Con este proxecto, búscase protexer unha memoria material e inmaterial para non esquecer o inesquecible.



5. SOSTIBILIDADE MEDIOAMBIENTAL

As actividades realizadas no Mosteiro buscan o mínimo impacto medio ambiental e a divulgación do compromiso coa natureza.

As actividades de carácter medioambiental realizadas no Mosteiro en 2019 tiveron un vínculo directo coa recuperación da historia, é dicir, de como facíanse as cousas naquel entón. Xunto con especialistas medioambientais, rescatamos da horta monacal algunhas herbas aromáticas, e con técnicas naturais fixemos xabóns, cremas hidratantes, ungüentos e outros remedios naturais.

Convidamos as visitas a non xerar lixo e en último termo a que faga uso dos contedores de reciclaxe para minimizar os desperdicios que os visitantes poidan deixar nas instalacións.



O volume xerado foi anecdótico e por tanto sen referencia estatística. De igual feito, o tratamento do lixo xerado polas intervencións da construción é feito cos máximos estándares no tratamento final.

6. RESULTADOS E CONCLUSIÓNS

Un dos maiores éxitos do 2019, foi a resposta da xente á reapertura do Mosteiro.




Gráfico sobre número de visitantes ás visitas guiadas (sen considerar asistentes os eventos)

Superar en menos de nove meses os 10.000 visitantes entre visitas guiadas e asistencia aos diferentes eventos organizados, fai do Mosteiro de Santa María de Oia un dos principais reclamos turísticos do Baixo Miño, xunto co Castro de Santa Tegra e a Catedral de Tui.


De igual xeito, o programa de actividades converte o cenobio no principal dinamizador cultural do concello.

Estes bos datos en todo caso, non son exactamente a razón dun ano 2019 tan satisfactorio. A ledicia é a resposta da xente. A preocupación por saber, as preguntas, os consellos, a axuda altruista dos veciños, visitantes e finalmente amigos, son os verdadeiros folgos que se reciben para continuar cun proxecto apaixonante.

O GALEGO: A LINGUA VEHICULAR DO MOSTEIRO DE OIA

De todos os xeitos, hai un dato preocupante e que tratarase de mellorar de cara ao ano 2020.

A lingua vehicular do Mosteiro de Oia é o galego sendo utilizado en todo tipo de comunicación, sinalización e actos.



Segundo o último informe do Consello de Europa, a lingua galega está a sufrir un grave retroceso. A porcentaxe de rapaces que nunca falan galego disparouse na última década a un 44 %.

No momento de proceder ás reservas para as visitas guiadas, dáse a opción de sinalar a lingua preferente como orientación para a organización das visitas.

Non obstante, a lingua é adaptada en cada evento se entre os asistentes hai xente que non o entende. Este feito, fixo decrecer o número de visitas guiadas en galego a niveis non esperados, chegando a ser a ser efectuadas en galego só un 5% do total a pesares de ser demandada previamente por un 38% dos asistentes.

Dende o Mosteiro de Oia continuamos a pensar como equilibrar a defensa do galego, ca necesidade de poder comunicarnos con todos os visitantes que buscan compartir unha experiencia única.

CONCLUSIÓNS

O Mosteiro de Santa María de Oia está a traballar en dúas liñas en paralelo:

1. No proxecto hoteleiro que permita a rehabilitación integral dun xeito sostible, previo desenvolvemento do marco urbanístico dependente das Administracións.
2. E na dinamización cultural do patrimonio.

Seguirase traballando por elo no 2020, e seguro que co necesario apoio do Concello de Oia e as diferentes institucións implicadas.

Galicia está a sufrir serios desafíos pola demografía, o abandono do rural e a perda de servizos nel, o deficiente urbanismo, a falta de emprego ou a dificultade de desenvolver unha actividade cultural vibrante e independente.

Proxectos como o do Mosteiro de Oia son accións e realidades claras contra esas ameazas, en contraposición a palabras e declaracións repetidas no tempo. É por iso polo que o proxecto do Mosteiro loita.

Se queres saber máis sobre o Mosteiro de Oia, se queres compartir algunha idea ou información relativo a algunha das liñas que se están a traballar, o se queres saber do Programa Cultural do Mosteiro de Oia 2020 que faremos público en breve, por favor contacta con nós ou síguenos na web ou redes sociais.

A maiores e grazas a estes anos, sabemos que contamos con moita xente que coma nós, namorouse desta xoia única.

Son moitas as persoas e organizacións que sumáronse desinteresadamente a todas estas maravillosas iniciativas. Grazas a elas, todo o anteriormente descrito foi posible. Dende o Mosteiro, o noso máis franco e agarimoso agradecemento a: ACAMO (Asociación Cultural Amigos do Mosteiro de Oia) e en especial a Javier Costas Goberna, ao IEM (Instituto de Estudios Miñoranos), a Comunidade de Montes de Santa María de Oia e a Casa da Cultura, Hotel A Raiña, a Patricia Muñoz da Asociación Costa dos Castros, a Nolo e Lara de Quinta de Couselo, aos Amigos dos Pazos, a Fran Zabaleta, Miguel Sobrino, Su Garrido, a Julio de SinSal e tantos outros que deberíamos mencionar. Un agradecemento tamén ao Concello de Oia por entender e apoiar recentemente o potencial verdadeiro desta iniciativa; xuntos o impacto que conseguiremos será un exemplo a seguir e un referente para moitos municipios e institucións.

E por suposto unha especial mención aos colaboradores habituais do Mosteiro: Sarah, Ana, Jaime, Santi, Carlos, Consuelo, Vicente, Rosa, David e Gemma.

Sigamos “facendo historia dende o S.XII”.



info@mosteirodeoia.com

www.mosteirodeoia.com

(+34) 986 902 453

REAL
MOSTEIRO
DE OIA

